

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

Non aplica. Non hai alumnado con pendentes no noso departamento

3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.

Ata que termine a terceira avaliación o procedemento é o que xa estaba previsto na programación do departamento de Economía.

O alumnado que teña suspensa a materia de Economía e/ou IAEE de 4º da ESO logo da terceira avaliación:

Realizarase un breve informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño dos correspondentes exames ou actividades de recuperación. Para este alumnado durante as clases dese período (entre 6 e 22 de xuño), resolveranse as dúbidas, recibirán as explicacións que necesiten e realizarán actividades para preparar as recuperacións.

O alumnado que non aprobe a materia despois de facer as recuperacións ordinarias poderá realizar recuperacións extraordinarias das partes suspensas. Estas recuperacións extraordinarias faranse despois da terceira avaliación (entre 6-22 de xuño).

O alumnado que xa teña aprobada a materia de Economía e/ou IAEE de 4º da ESO logo da terceira avaliación:

O alumnado que superase a materia poderá reforzar as tres avaliación facendo entregando de actividades e tarefas asociadas aos contidos traballados durante o curso e tendo en conta, sempre que sexa posible, a súa casuística particular (períodos de cuarentena, ausencias diversas, necesidades detectadas non cubertas, etc.). Ao mesmo tempo contéplase a posibilidade realización dun traballo de investigación de ampliación horizontal, sempre de carácter optativo, e de temática diversa consensuada con docente.

A realización deses traballos, tarefas, actividades, permitiralles mellorar a súa cualificación ordinaria ata un máximo de medio punto (0,5 puntos).

3.3. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC.

Durante as sesións asociadas ao período citado traballarase os contidos non superados polo alumnado durante as tres avaliacións. Estes contidos permitirán facilitala recuperación do alumnado que non acadase a superación da materia e ao mesmo tempo, permitirá reforzar os contidos ao alumnado que teña superada a materia. Neste sentido contéplase metodoloxías de aprendizaxe como a titoría en iguais.

O alumnado que superase a materia poderá reforzar as tres avaliación facendo entregando de actividades e tarefas asociadas aos contidos traballados durante o curso e tendo en conta, sempre que sexa posible, a súa casuística particular (períodos de cuarentena, ausencias diversas, necesidades detectadas non cubertas, etc.). Ao mesmo tempo contéplase a realización dun traballo de investigación de ampliación horizontal, sempre de carácter optativo, e de temática diversa consensuada con docente.

O alumnado que non superase a materia levará a cabo actividades teórico e prácticas durante as clases co obxectivo de preparar unha proba extraordinaria neste período. A proba terá carácter individual e persoal e atenderá ao disposto no informe individualizado feito con carácter previo.

Todo o alumnado será informado en tempo e forma de xeito fehaciente da cualificación acadada na avaliación final e do seus dereitos e oportunidades para superar a materia. Nste sentido farase uso da aula virtual para garantir a transparencia da información.

3.4. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e e avaliación de acceso á universidade para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC.

Aplicaranse os mesmos criterios xerais dispostos no apartado anterior para reforzar contidos e recuperar estándares non acadados.

Por outro lado, durante o período en cuestión levaranse a cabo sesións teóricas e prácticas de reforzo dos contidos traballados obxeto da ABAU. Con sesión dedicadas integralmente á teoría e a prácticas. Traballarase por orde cronolóxico os contidos. Non obstante, poderá ser o propio alumnado quen dirixa ou indique os contidos a traballar en relación as súas necesidades ou preferencias, sempre que isto puidese repercutir favorablemente na realización das probas ABAU.

Finalmente, facilitarase na aula virtual os criterios de avaliación, os contidos e a súa localización no libro do texto e modelos de exame ABAU na aula virtual. Este últimos serán unha referencia básica para a preparación da proba ABAU.